


CONTA QUE TE CONTA

Os vellos costumes perduran dende tempos pasados. A lúa segue a facer das súas. Déixate aconsellar:

- A verdura, se a plantas en lúa crecente, nacerá máis rápido que cando a plantas en cuarto minguante. (Avoa Matilde)
- Queres ter abundante cabelo? Córtao en lúa crecente. (Avoa Lala)
- Queres podar as árbores? Faino en lúa minguante. (Avoa Lala)
- Para trasfegar o viño? Lúa minguante. (Avoa Nieves)
- Para sacar o abono dos cortellos hai que ter en conta a lúa, xa que inflúe na fermentación. (Avoa Emérita)
- Na matanza, se pousas o porco coa cabeza cara a atrás, non sufrirá; o sangue sairá máis vermello e en maior cantidade. (Avoa Matilde)
- Todos os seres vivos teñen grandes posibilidades de naceren no cambio de lúa. (Avoa Emérita)
- Para matar o porco hai que facelo en cuarto minguante. (Avoa Lala)



- As sementes plántanse en cuarto mingunte. (Avoa Nieves)
- En lúa chea nacen máis nenos. (Avoa Isaura)
- Inflúe no amor e desamor. Xa que a muller que nos gusta vese reflectida na lúa.
(Diccionario dos seres míticos)



- Tamén se lle pide cartos dicindo: "Nova lúa que non ves, dáme diñeiro para todo o mes".
(Diccionario dos seres míticos)



- Se se lle tiran pedras, acábase o mundo.
(Diccionario dos seres míticos)
- Dependendo en que fase estea a lúa, pescarás máis ou menos. (Avoa Lala)

- A lúa goberna os mares e, cando sobe o mar, morren os enfermos.
(Diccionario dos seres míticos)

- O tempo meteorolóxico tamén pode lerse na lúa. Se o cuarto ten os cornos para enriba, anuncia choiva, e se os ten encurvados, tempo seco. Cando é nova ou chea, anuncia choiva, e ten circo e calor se está avermellada. Tamén pode ser que anuncie guerras.
(Diccionario dos seres míticos)

